

## IMAXINANDO MUSEOS

---

*Esta actividade proposta polas educadoras do Museo de Belas Artes, Laura e Sara, consiste en que, de xeito individual ou en pequenos grupos, realicedes unha redacción na que nos faledes dun museo imaxinado.*

*Nun museo soñado poden estar presentes as vosas obras de arte preferidas, pode ter un rincón para tomar palomitas, abrir pola noite ou que o garda de seguridade vaia con patíns de cores.*

*Algunhas das cuestións que poden aparecer reflectidas no voso escrito son as seguintes:*

- Nome do Museo*
- Como é o edificio? Que espazos ten?*
- Como é a súa colección? (número de obras en catálogo, tipo de arte que expón)*
- Como están ordenadas as pezas en exhibición?*
- Cal é o seu horario? Que normas ten o museo? Quen o visita?*
- Cales son as súas funcións? Que actividades realiza?*
- Cantas persoas traballan nel? Cales son as súas tarefas principais?*

O noso museo chámase **Museo 3A**.

O edificio é moi grande e ten seis salas: sala A, sala B, sala C, sala D, sala E e sala F. Ademais ten servizo de cafetaría.

A súa colección é de seiscentas mil obras: cadros, esculturas, restos arqueolóxicos...Se alguén entra a roubar a policía chegará de inmediato polo sistema de alta seguridade.

Están colocadas e agrupadas por países.

O seu horario de apertura ao público é de 10:00 a 20:00 horas e poden asistir persoas de 0 a 100 anos, é dicir, de todas as idades.

Para realizar as visitas hai unha serie de normas de obrigado cumprimento:

- Non se poden tocar as obras.
- Non se pode comer nin beber no interior das salas.
- Hai que falar en voz baixa.
- Respectar as liñas de visita

Organízanse actividades para achegarnos á cultura dos museos como visitas guiadas adaptadas a todas as idades, talleres creativos ...

Traballa moito persoal no coidado e mantemento do mesmo, entotal 10 persoas que se encargan de limpar, organizar, axudar...

As súas función son difundir a cultura e mostrar as obras que se expoñen a todo tipo de público.



O noso museo chámase **Museo das ARTES.**

Está ubicado nun edificio novo e moi grande, de longo 200 metros e de ancho 500 metros de planta rectangular.

Conta con grandes medidas de seguridade; se alguén tenta tocar un cadro inmediatamente salta unha alarma e acoden axiña a policía.

O personal laboral deste museo está formado por 9 persoas: 2 educadoras, 1 restaurador, un e unha policía de seguridade, persoal de limpeza e mantemento...

O seu horario de atención ao público é de 8:00 a 20:00 horas, abarcando público de todas as idades con diferentes horarios e actividades.

Ten 7 salas onde se distribúen cadros e esculturas expostas e 2 salas para facer actividades para todas as idades, os talleres artísticos.

Conta cun total de 2.000 cadros de todos os xéneros pictóricos, distribuídas da seguinte maneira: 300 son en préstamo do Museo D'Orsay de París, 200 en depósito do museo de Alacante, 400 de doazóns de diferentes colectivos da zona e 100 son adquisicións do propio museo.

Ten 4 normas de obrigado cumprimento para todo aquel/a que veña visitalo:

- Non tocar as obras de arte expostas, cadros, esculturas,...
- Non traer animais ao interior
- Non traer comida ao interior
- Non fumar no museo

As funcións do museo son achegarnos e difundir o arte ademais de organizar actividades para conseguilo.

Organizan talleres prácticos ou actividades culturais empregando diferentes materiais como cartulinas, recortes, plastilina, arxila... par nenos e nenas.



## IMAXINANDO MUSEOS

---

O noso museo chámase **Museo das CULTURAS**.

O noso museo é moderno e ten seis salas: sala A, sala B, sala C, sala D, sala E e sala F.

Este museo conta cun total de 100 obras de arte, entre as cales destacan as táboas de Rubéns, partituras de Mozart e de Beethoven. Algúns deles están valorados en 10.000 euros. Das cales 10 son adquisicións do propio museo, 30 de préstamo do museo do belas Artes de A Coruña, 50 obras en depósito do Museo do Louvre de París e por último 10 doazóns ao museo de particulares da zona.

Consta de moitas instalacións para favorecer as visitas, como un parque para os e as mais cativos/as, unha biblioteca recoñecida mundialmente dirixida pola educadora Ruth Vázquez, unha cafetería con paredes decoradas con tractores, rexentada por Efrén Villar.

O horario de apertura ao público deste museo é dende as 9:00 horas da mañá ata as 22:00 da noite.

Dentro do persoal laboral co que conta estarían 10 persoas, Ruth, Ainhoa, Óscar e Efrén que son educadores/as, ademais do persoal de limpeza e seguridade.





O noso museo chámase **Museo da IGUALDADE.**

Está situado na vila de Arzúa, na rúa de Lugo. Está ubicado nun edificio antigo, un pazo que foi restaurado.

Ten dez salas: 5 salas adicadas a cadros, 2 salas a esculturas e 3 salas de instrumentos musicais antigos.

Na planta baixa hai un pequeno restaurante, un espazo para talleres e unha sala para nenos e nenas pintores/as. Ademais ten servizo de cafetaría.

Hai un total de 34.000 obras entre cadros, esculturas e instrumentos. Das cales 10.000 son de préstamo do museo 3ª, 10.000 de adquisición por este museo polas donacións en efectivo dos socios/as do mesmo, 10.000 obras en depósito de museos europeos como o Louvre, o museo británico e o Guggenheim e por último 4 doazóns a este museo por persoas anónimas.

Abre todos os días da semana. O seu horario de luns a venres é de 12:00 a 18:00 horas agás o sábado e domingo que é de 10:00 a 21:00 horas.

As súas normas son de obrigado cumprimento:

- Non tocar
- Non roubar
- Non facer ruído

Poden visitalo personas sen límite de idade, todos os públicos.

Traballan 20 persoas para atendelo e entre as súas funcións son explicar á xente o que hai, xogos divertidos, manualidades, talleres, visitas guiadas...



O noso museo chámase **ARTITECTURA.**

Está ubicado nun edificio de deseño moderno. Foi premiado a nivel mundial polo seu deseño tan orixinal.

O museo ten 5 salas, unha cafetería e diferentes espazos para talleres de arquitectura paisaxística.

Ten 2.000 obras en 3D de casas, edificios, rañaceos...das cales 70 maquetas son doazóns de particulares da zona, 30 son adquisicións por aportacións económicas de asociación privadas, 1000 de préstamo de museos de arquitectura a nivel mundial e o resto son maquetas en depósito doutras institucións.

Expóñense cadros de diferentes tipos de arte e xéneros: pintura modernista, cubismo...


Na sala 1 hai maquetas de edificios moi grandes, na sala 2 hai casas de Praia, na sala 3 hai exemplos de museos vangardistas, na sala 4 hoteis de 5 estrelas e na sala 5 só hai unha obra ou construción de grande envergadura, un hospital.

O seu horario de apertura a todo tipo de público é de 11:45 da mañá ata 20.00 horas da noite.

Esta prohibido levar animais ou mascotas, comidas e bebidas ao interior do museo.

Visítannos as persoas coleccionistas e arquitectos/as a calquera hora pero está prohibida a entrada aos paparazzi.

O personal deste museo está formado por 60 operarios dentro dos cales están varios educadores/as, camareiros/as, guías, servizo de mantemento e limpeza.





O noso museo chámase museo **MODERNO**

Está ubicado nun edificio de deseño moderno de forma rectangular e moita seguridade con tecnoloxía punta. Foi premiado a nivel mundial polo seu deseño tan minimalista.

Conta con 8 salas onde se exponen 4.500 obras, das cales 4.000 son adquisicións, 50 en depósito, 200 en préstamo e 250 obras son doazóns de particulares moi vinculadas ao museo.

A maioría das obras son de pintores españois aínda que tamén italianos. Conta con obras maestras de Picasso, Joan Miró e Da Vinci entre outros.

Na segunda planta conta con dúas cafetarías ademáis de espazo de xogos e talleres para diferentes idades.

Abre ás 9:00 horas e pecha ás 21:00 horas.

Leva a cabo un total de 15 talleres ao mes para todos os públicos, previa cita.

Conta con 5 educadores/as e 5 barrendeiros/as, ademáis do personal de mantemento e vixiancia do museo.

